



A presidenta do Parlamento de Galicia enmarca o acto de presentación na política aperturista da Cámara galega e anima a afondar no coñecemento da Carta Magna

## **Pilar Rojo presenta o primeiro Manual de Dereito Constitucional adaptado aos requerimentos do Plan Bolonia**

- **“A Constitución española establece un marco de convivencia con espazo para todos e para todas as sensibilidades”, afirma Rojo Noguera**

**Santiago, 22 de setembro de 2010.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, animou hoxe ao conxunto dos cidadáns a afondar no coñecemento da vixente Carta Magna, na medida en que “un mellor coñecemento da Constitución –esa gran descoñecida para moitos- implicaría maiores garantías de convivencia democrática”.

Afirmouno este mediodía, no Parlamento, durante o acto de presentación do *Manual de Dereito Constitucional. Prácticas para o estudo comprensivo da materia*, do que é autor Xosé Antón Sarmiento, letrado maior da Cámara galega e profesor da Universidade de Vigo.

O volume, editado pola Universidade de Vigo, contou co asesoramento pedagóxico de Patricia Murias Gil, orientadora do CSHG, e constitúe o primeiro Manual de dereito constitucional axustado aos requerimentos do Plan Bolonia.

## **Espazo para todos**

“A Constitución española de 1978 establece un marco de convivencia con espazo para todos, e para todas as sensibilidades. Atopar ese espazo é, en moitas ocasións, unha cuestión tamén de boa vontade”, aseverou Rojo Noguera.

A presentación celebrada este mediodía no Parlamento de Galicia enmárcase, en opinión da presidenta da Institución, na estratexia aperturista que guía o seu labor na actual lexislatura e que aspira a que “todos os días sexan de portas abertas nesa casa”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación